

VI Festa do Tenis de Mesa de Oroso

1) DATA E LOCAL DE XOGO:

A VI Festa do Tenis de Mesa de Oroso terá lugar nas instalacións do Complexo Deportivo Juanito Amigo situado na Rúa do Deporte s/n de Sigüeiro (Oroso) o día 02 de Xuño de 2019. Pódense atopar instrucións para chegar ás instalacións no seguinte enlace web: <http://www.orosotm.es/Paginas/localizacion.htm>

2) PROBAS A DESPUTAR E HORARIOS:

- **Domingo 02 de Xuño de 2019: de 10:00 a 19:00***

* Os horarios son orientativos a falta dos listados de inscritos definitivos. A competición poderá levarase a cabo de forma continua, sen parar ó mediodía, tentando sempre á hora de confeccionar os horarios de competición que os xogadores dispoñan dun tempo razoable para poder comer.

- ✓ Categoría Prebenjamín*: nados no 2010 e posteriores
- ✓ Categoría Benjamín*: nados no 2008 e 2009
- ✓ Categoría Infantil*: nados entre 2007 e 2004
- ✓ Categoría Absoluta Masculina: calquera idade
- ✓ Categoría Absoluta Femenina: calquera idade

* As categorías de idade serán probas mixtas, polo que as xogadoras poderán elixir entre inscribirse na súa proba de idade (mixta) or participar na categoría Absoluta feminina.

* Será necesaria a inscrición de, como mínimo, 10 xogadores/as nunha proba para que esta se dispute. De non chegarse a este mínimo, poderase facer unha proba mixta con outra categoría de idade ou traspasar estes xogadores/as á categoría de idade inmediatamente superior.

3) SISTEMA DE XOGO:

De ser posible, cada proba sempre que a inscrición o permita, disputarase en dúas fases: unha 1ª fase en grupos e unha 2ª fase nun cadro eliminatorio.

4) ARBITRAXES:

Os partidos serán arbitrados polos propios xogadores/as incluída a 2ª fase (polos xogadores que queden eliminados).

5) TROFEOS, PREMIOS E AGASALLOS:

Os primeiros clasificados de cada proba recibirán un trofeo que será entregado ó final de cada xornada de competición na correspondente entrega de premios.

Ademais a organización entregará os seguintes premios*:

CATEGORIA	1º	2º	Semifinais	Cuartos de final
ABSOLUTA MASC	40	15	5	3
ABSOLUTA FEM	25	10	5	3
RESTO DE CATEGORÍAS	15	7	5	3

*Vales de compra en MalovTM

6) INSCRIPCIONS:

O prazo de inscrición remata as **21:00 h do 24 de Maio de 2019**.

Os xogadores ou clubs formalizarán a súa inscrición enviando un e-mail a: orosotm@orosotm.es ou info.orosotm@gmail.com. Deberán facilitar os seguintes datos de cada xogador inscrito:

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- nº de licenza e Club o que pertencen no caso de federados
- Categoría na que se inscriben

Os clubs participantes na Liga MalovTM poderán facer a súa inscrición mediante o formulario de inscrición da liga ata a mesma data grazas ó convenio de colaboración con MalovTM.

O custo de inscrición por xogador/a será de **9€** que inclúe a inscrición do xogador/a na proba que elixa + 1 auga + 1 plato ou bocadillo + 1 postre ou café.

As inscricións poden ingresarse antes do día 24 de Maio de 2019 ás 21:00 h indicando no concepto o nome do xogador ou club e enviando despois o xustificante de ingreso a orosotm@orosotm.es ou info.orosotm@gmail.com.

Conta bancaria para ingresos: ES03 0081 2158 5700 0106 8816 (Titular Oroso TM)

NON SERÁ VÁLIDA NINGUNHA INSCRIPCÓN SE NON SE FIXO O CORRESPONDENTE INGRESO NO PRAZO INDICADO

Club Oroso Tennis de Mesa